

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. Acceso ao Catálogo de servicios
2. Catálogo de servicios: características
3. Acceso aos servicios: busca sinxela e avanzada
4. Acceso aos servicios : busca por áreas
5. Ficha do servicio
6. Ligazóns personalizadas

The screenshot shows the 'Servizos dixitais' page on the eidolocal portal. The page features a navigation menu with 'Eidolocal', 'Guía local', 'Biblioteca', 'Servizos', 'Iniciativas', and 'Transparencia'. Below the menu is a search bar for 'Buscador de servizos dixitais'. The main content area includes a section for 'Servizos destacados' with four service cards: 'Sistema de Notificacións Electrónicas de Galicia, Notifica.gal', 'Sistema de sesión documental arquivística (ARQA)', 'Sistema de sesión de biomasa de faxas secundarias (DESBO)', and 'Historia Social Única Electrónica (HSUE)'. There is also a 'Consulta por' section with tabs for 'ÁREAS TEMÁTICAS' and 'ÁREAS TIC'. Below this is a list of service categories: 'Aplicacións e servizos finais', 'Comunicación', 'Interoperabilidade', 'Servizos de uso común ou básicos e Administración', 'Sistemas informáticos', and 'Soporte técnico e asesoramento'. At the bottom, there is a 'Buscador de servizos' section with fields for 'Nome servizo', 'Desde', 'Ata', 'Convenios', and 'Tipos de uso', along with 'Limpar' and 'Buscar' buttons. The footer contains logos for 'amtega', 'Dirección Xeral de Administración Local', 'Servizo Galego de Administración Pública', 'fegamp', and the European Union, along with social media icons and the 'galicia' logo.

Para acceder ao catálogo de servizos o persoa usuaria debe **premer sobre a opción “Servizos”** que se atopa no **menú principal na cabeceira do portal**, accesible dende calquera páxina do mesmo, tanto na área pública coma na privada , tal e como aparece nas imaxes seguintes:

The screenshot shows the main page of the eidolocal portal. At the top, the navigation menu includes 'Eidolocal', 'Guía local', 'Biblioteca', 'Servizos', 'Iniciativas', and 'Transparencia'. The 'Servizos' item is highlighted with a mouse cursor. Below the navigation bar, there is a banner image of people walking in a park, with a text box that reads 'Listados dos concellos e parroquias rurais con poboación inferior ou igual aos 5.000 habitantes'. The main content area is divided into several sections: 'Destacamos' with sub-sections for 'Subvencións e axudas da DXAL', 'Proxectos europeos da DXAL', 'Convenio e Administración Xunta-Fegamp', and 'RELGA'; 'Catálogo servizos dixitais' with a grid of service icons like 'Servizos de certificación e sinatura dixital', 'Portal de transparencia local de Galicia', 'Emprego Local', 'SILEX', 'Contratos Públicos de Galicia', 'SEF', 'CPG', 'Envíos Xunta', and 'Notifica.gal'; 'Novas' with a list of recent news; 'Eventos' with a calendar of upcoming events; and 'Emprego' with a list of job openings. The footer contains logos for 'amtega', 'Dirección Xeral Administración Local', 'España Galicia de Administración Pública', 'E fegamp', and 'galicia'.

The screenshot shows the user profile page on the eidolocal portal. The navigation menu is similar to the home page, with 'Servizos' highlighted. The page is personalized for a user named 'issuario.concellos'. It features a 'Configuración' bar with options for 'Correo', 'Perfil', 'A miña entidade', 'Boletíns', and 'Seguimos en'. Below this, there is an 'Avisos' section with a list of notifications. The main content area is divided into 'Novas', 'As miñas aplicacións' (with icons for 'Santigo Compostela', 'dicionario', 'Convocatoria', 'dicionario', 'DOG'), and 'Centro de Atención ao/a Usuario/a' with contact information. There is also a 'Destacamos' section with a list of featured content and a 'Tempo' section with a weather forecast. The footer contains logos for 'amtega', 'Dirección Xeral Administración Local', 'España Galicia de Administración Pública', 'E fegamp', and 'galicia'.



O catálogo de servizos recompila a información máis relevante de cada un dos servizos de administración electrónica ofrecidos, a través de Eidolocal, pola Xunta de Galicia ás entidades locais galegas (descrición do servizo, requisitos de acceso, provedor, instrucións e manuais para a súa correcta utilización, etc...).

Características:

- ✓ Acceso **rápido e intuitivo** á información dos servizos mediante navegación por áreas temática e TIC, **busca sinxela** por texto libre ou **busca avanzada** por filtros.
- ✓ Acceso directo a información dos **servizos recomendados** polo propio portal Eidolocal.
- ✓ Acceso á información dun servizo, a partir da consulta da súa ficha.
- ✓ **Funcionalidades** só dispoñibles para persoas usuarias rexistradas no portal como o acceso directo a determinados servizos e a documentación asociada como manuais, formularios de solicitude, etc.

Buscador simple. Que permite buscar de unha maneira sinxela un determinado servizo do catálogo

Busca por áreas. onde figura a relación de todos os servizos clasificados segundo a súa tipoloxía temática ou tic.

Buscador de servizos, que facilita a localización dun servizo en base aos criterios indicados polo/a usuario/a

The screenshot shows the 'Servizos dixitais' page on the Eidolocal portal. At the top, there is a search bar and navigation links for 'Inicio', 'Guía local', 'Biblioteca', 'Servizos', 'Iniciativas', and 'Transparencia'. Below the search bar, there are several highlighted services: 'Sistema de Notificacións Electrónicas de Galicia (Notifica.gal)', 'Sistema de xestión documental arquivística (ARQA)', 'Sistema de xestión de biomasa de faixas secundarias (DESBO)', and 'Historia Social Única Electrónica (HSUE)'. A 'Consulta por' section allows filtering by 'ÁREAS TEMÁTICAS' and 'ÁREAS TIC'. At the bottom, there is a 'Buscador de servizos' section with fields for 'Nome servizo', 'Desde', 'Ata', 'Convenios', and 'Tipos de uso', along with 'Limpar' and 'Buscar' buttons.

Servizos dixitais

Buscador de servizos dixitais

Nome do servizo

Dende

Ata

Convenios

Tipo de uso

Buscar

Un xeito de acceso aos servizos é a través dos buscadores existentes, permitindo á persoa usuaria localizar os servizos por un texto libre ou establecendo diferentes parámetros para a busca:

1. **Busca sinxela**, a partir dun texto introducido polo/a usuario/a que describe o servizo a buscar.
2. **Busca avanzada**, permitindo ao/á usuario/a a localización do servizo en base ao tipo de uso, convenios que o regulan, etc.

Tamén se pode acceder a información dun servizo a través dos buscadores por texto con carácter predictivo que se atopan **na portada do portal e na sección de Meu Eido**

ar

- Sistema de xestión documental arquivística (ARQA)
- Rede SARA
- Portal de transparencia local de Galicia
- Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria (KOHABI)
- Xestión usuarios - Mantemento de usuarios
- XARAL
- Apertura/peche portos cara ao exterior da Rede Corporativa da Xunta de Galicia
- Sistema de xestión de biomasa de faixas secundarias (XESBIO)

Ademais de poder introducir texto no campo predictivo (1) é posible usar os demais campos de selección múltiple (Convenios, Tipos de uso) para afinar a busca (2):

- ✓ **Datas de publicación do servizo 'Dende', 'Ata'.**
- ✓ **Convenios:** Campo de selección múltiple que nos permitirá filtrar os servizos que están regulados por algún convenio.
- ✓ **Tipos de uso:** Campo de selección múltiple, que nos permitirá buscar aqueles servizos en función do seu uso, xestión interna para as entidades locais ou de interoperabilidade con outras administracións.

Premendo no botón **buscar** (2) despregaranse os resultados .
Premendo sobre o servizo **desexado** (3) accederase directamente á ficha do mesmo.

Buscador de servizos

Nome servizo

Dende

Ata

Convenios

Tipos de uso

Limpar

Buscar

Tipo de servizo	Nome	Modalidade solicitude
	Guía local	Fax , Presencial
	Envíos Xunta - Buzón saída	Correo electrónico
	Subvencións e axudas ás EELL	En liña
	Buzón sinatura	
	Registro E/S da Xunta de Galicia (AIRES - SIR)	En liña
	Servizos de certificación	Fax , Correo electrónico , Presencial
	Formación local	
	Servizo de corrección e tradución ao galego	
	Oficina da rede 060	Correo electrónico , Fax , Presencial
	Xestión Centros de información á Muller (CIMs)	Correo electrónico


Mostrando rexistros do 1 ao 10 dun total de 39 rexistros

Anterior 1 2 3 4 Seguinte




O acceso directo aos servizos poderá facerse tamén a través da consulta por “Áreas temáticas” e a consulta por “Áreas TIC” onde figura a lista completa dos servizos existentes no catálogo agrupados pola tipoloxía escollida.

Premendo na categoría (1) desexada despréganse os servizos correspondentes a esa categoría, permitindo unha navegación máis directa e intuitiva




Seleccione a forma na que quere facer a consulta:

- Por área temática (A)
- Por área TIC (B)




Premendo no servizo que se desexe (2) poderá accederse directamente a ficha do mesmo (5).



Todo servizo do catálogo ten asociada unha ficha que permite a súa descrición, catalogación e acceso ao servizo. Esta ficha se compón dos seguintes bloques:

- 1. Información xeral do servizo:** neste bloque se inclúese unha **descrición curta** e **outra estendida** (Máis información) do servizo.
- 2. Acceso ao servizo:** dende aquí, premendo no botón, accederase directamente ao servizo sempre que o/a usuario/a teña permiso para elo.
- 3. Datos do servizo** poderemos ver datos como a data de posta en marcha do mesmo, o provedor/responsable, a pertenza ou non ao ámbito de aplicación dalgún convenio, datos de contacto en caso e dúbidas, tipo/s de uso do servizo, beneficiario/s, modo de consumo do servizo e o tipo de financiación
- 4. Información sobre a subscrición ao servizo** como: datos de contacto , requirimentos mínimos para o acceso ao servizo e descrición do proceso para poder acceder ou dispoñer do mesmo.
- 5. Premendo nas pestanas de contidos relacionados ou de servizos relacionados** poderemos acceder ao listado de contidos (manuais e formularios de solicitude do servizo) ou de servizos que gardan relación co servizo obxecto desta ficha.
- 6. Posibilidade de compartir a ficha do servizo** a través das redes sociais e do correo electrónico. Ademais existe tamén a posibilidade de **imprimir** e de poder **enviar** algún tipo de **suxestión** respecto a contido da ficha.



Gallego | Castellano

eidolocal Portal da Administración Local de Galicia

KUNTA DE GALICIA

Inicio > Servizos > Ficha servizo

Portal de transparencia local de Galicia

1

2

ACCESO AO SERVIZO

Máis información

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, susténtase en tres pilares fundamentais: ampliar e reforzar a transparencia de actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigacións de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos incluídos as entidades locais.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten entre as súas finalidades, servir de apoio e axuda aos concellos galegos para acadar o grao de transparencia establecido pola actual normativa especialmente naqueles concellos que carecen de medios suficientes para facer fronte a estes retos.

Con este obxectivo, o 10 de decembro de 2015 foi habilitada unha plataforma web como instrumento para facilitar a todos os concellos galegos a aplicación das súas obrigas en materia de transparencia e facilitar a consulta da información relativa á actividade da Administración local.

Para continuar aprofundando no impulso e mellora da transparencia no ámbito local de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a FEGAMP subscribiron o 18 de xullo de 2016 un convenio de colaboración coa Universidade de Vigo para, entre outras actuacións, aborcar o relevo do Portal de Transparencia local e facilitar así un aproveitamento máis eficiente do mesmo e que mellor responda as necesidades e peculiaridades dos concellos de Galicia tanto organizativas como de funcionamento así como as demandas dos seus veciños.

Así pois, a través da nova Plataforma, os concellos galegos poden, de xeito gratuito, volcar toda a información en materia de transparencia que esteve tanto a lexislación estatal como as normas sectoriais do ámbito local e as recomendacións e boas prácticas das principais organizacións en materia de transparencia.

Posibilitábase pois a ampliación da transparencia da actividade pública local, facilitando a súa consulta dunha forma clara, estruturada, entendible e de fácil acceso fomentando o achegamento á cidadanía das institucións, como unha ferramenta de mellora da calidade democrática.

Por último, a través do novo Portal facilítase a presentación das solicitudes de acceso á información pública no respectivo concello, así como unha serie de manuais, guías prácticas, preguntas frecuentes e outros documentos de interese local coa finalidade de fomentar a capacitación, a cultura e os valores propios da transparencia nos concellos por ser a administración máis próxima á cidadanía.

En concreto, as entidades locais que soliciten o alta no portal de transparencia local de Galicia, terán acceso a:

- Unha **Guía práctica de transparencia**: guía na que se orienta ás entidades locais sobre que información debe ser publicada, como debe ser publicada e a periodicidade con que debe ser publicada, sobre as obrigas legais das administracións locais e sobre o dereito do cidadán a estar axeitadamente informado en todo momento.
- Distintos **modelos de formularios e resolucións municipais** a preparar no exercicio da transparencia.

Técnicamente trátase dunha plataforma en modelo Cloud adaptada ao RD Lex 3/2011 e á Lei 11/2007, garantindo o cumprimento dos máximos estándares de seguridade e LOPD.

Para que unha entidade local poida dispoñer dun portal de transparencia publicado no Portal de transparencia local de Galicia é preciso que o alcalde/a, presidente/a ou secretario/a da entidade local estraen datos de alta no portal Eidolocal e se solicite o servizo mediante o modelo dispoñible, na área privada de Eidolocal, no apartado "Contido relacionado" desta mesma páxina.

Es entidades locais que xa dispoñan de portal de transparencia aloxado nunha plataforma externa a Eidolocal poderán solicitar que o Portal de transparencia local de Galicia enlace ao seu portal mediante este mesmo modelo de solicitude.

Se desexa máis información sobre o servizo pode poñerse en contacto co CAU da Xunta a través do teléfono 881 995 300 ou no correo electrónico cau-periferico@xunta.gal.

3

4

5

6

DATOS DO SERVIZO INFORMACIÓN SUSCRICIÓN CONTIDO RELACIONADO

Data modificación	18/07/2018
Provedor/Responsable de servizo	Xunta de Galicia, Amtega
Datos contacto dúbidas	CAU (Tf. 881 995 300, correo electrónico: cau-periferico@xunta.gal, horario: 7:30-21:00 L-V e 8:00-15:00 Sábados)
Tipo de uso	Xestión interna EELL
Beneficiario	Entidades locais
Modo de consumo	Portal web
Tipo de financiación	Gratuito
Convenios	Convenio eAdministración

Formato Nome Descrición

Guía rápida portal de transparencia local de Galicia Nesta guía explicativa descríbense as características e a información que se pode atopar n...

amtega Dirección Xeral de Administración Local Escola Galega de Administración Pública fegamp

XUNTA DE GALICIA

Portal de Galicia. Información mantida e publicada no sistema de xunta de Galicia. Mantido e actualizado | Actualización | Aviso legal | Mapa do portal | Contacto | Aíto contacto

galicia

DATOS DO SERVIZO	INFORMACIÓN SUSCRICIÓN	CONTIDO RELACIONADO
Formato	Nome	Descrición
	Guía rápida portal de transparencia local de Galicia	Nesta guía explicativa descríbense as características e a información que se pode atopar n...

Posibilidade de **configuración de ligazóns personalizadas** por parte das persoas usuarias rexistradas do portal, proporcionando un acceso directo aos servizos de interese e/ou uso habitual.

- ✓ **Número ilimitado de ligazóns configurables**, que reproducen de maneira automática a consulta dun/dunha usuario/a con calquera criterio de busca.
- ✓ **Posibilidade de eliminación e creación destas ligazóns**, de maneira sinxela e intuitiva para o/a usuario/a.


Gardar búsqueda

Nome 4

servizos

5

Gardar Cancelar



Posibilidade de eliminar as ligazóns personalizadas Premendo na aspa.

Configuración de ligazóns personalizadas polo/a usuario/a, a través dunha interface sinxela e intuitiva, seguindo **uns simples pasos**:

1. **Configurar parámetros de consulta.**
2. Premer no botón de **busca**.
3. Premer no botón **"gardar busca"**. Onde se abrirá unha xanela emerxente.
4. **Introducir o nome escollido para a ligazón.**
5. Premer no botón **gardar**, para incorporar a ligazón a parte superior.

Buscador de servizos

servizos ✕

Nome servizo 1

servizos

Desde DD/MM/AAAA



Ata DD/MM/AAAA

Convenios

Tipos de uso

Gardar búsqueda 3

Limpar 2 Buscar

tipo de servizo	Nome	Modalidade solicitude
	Servizos de certificación	Fax , Correo electrónico , Presencial
	Guía local	Fax , Presencial